



e-scena é unha publicación mensual de distribución electrónica.
Edita: Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)
Contidos: Área de Comunicación
Deseño gráfico: Uqui/Cebra
Fotografías: Arquivo AGADIC
D.L.: C-826-06

DESTINA
O EUROS ÁS PRIMEIRAS
ÁS INDUSTRIAS
AIS GALEGAS

Nº 0031

A AGADIC DESTINA
2.275.000 EUROS ÁS PRIMEIRAS
AXUDAS ÁS INDUSTRIAS
CULTURAIS GALEGAS

Nº 0031

SUMARIO

- [1-6] AGADIC
- [4-5] > Centro Coreográfico Galego
- [5-6] > Centro Dramático Galego
- [7] ALERTAS
- [7] NOVIDADES EDITORIAIS
- [8-9] E_SCENA EN CIFRAS

navega por e_scena
pinchando nas frechas,
no índice e nos enderezos web
e_scena



AS SUBVENCIÓNS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA INCREMENTAN
A SÚA DOTACIÓN NUN 18% RESPECTO A 2008 E INTRODUCEN
CRITERIOS DE DISCRIMINACIÓN POSITIVA NA BAREMACIÓN

NACE O PROGRAMA DE COMPAÑÍAS RESIDENTES PARA FACILITAR A
PROGRESIVA ESTABILIDADE DAS ESTRUTURAS PRODUTIVAS

O CRÉDITO CULTURA E O APOIO Á DISTRIBUCIÓN ESTÉNDENSE
POR PRIMEIRA VEZ A TODOS OS SECTORES CULTURAIS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) outorgará este ano un máximo de 2.275.000 euros a través de distintas modalidades de axudas ás empresas culturais galegas, no que constitúe a primeira convocatoria de subvencións realizada pola entidade da Consellaría de Cultura dende a súa creación en xuño de 2008. Ademais de potenciar o apoio ao sector escénico e musical, co aumento e axuste das súas dotacións respecto da convocatoria realizada o ano pasado polo antigo IGAEM, estas primeiras subvencións ás industrias culturais esténdense a outras disciplinas artísticas a través do programa Crédito Cultura e das axudas á distribución.

continúa na páx. seguinte

A AGADIC DESTINA 2.275.000 € ÁS PRIMEIRAS AXUDAS ÁS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

.....
vén da páx. anterior

Xunto con estes dous apartados, a actividade escénica, a promoción e difusión de traballos discográficos, o labor das salas privadas de artes escénicas e o asociacionismo profesional no ámbito da escena e da música constitúen os seis eixes arredor dos que se estrutura esta convocatoria, que será publicada este mes de xaneiro no Diario Oficial de Galicia (DOG). No caso das axudas para investimentos nos espazos da Rede Galega de Teatros e Auditorios, incluídas en anteriores subvencións ao sector escénico e musical, a súa xestión trasládase este ano á Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Un 18% máis en actividade escénica

No apartado referido á actividade escénica –que aumenta nun 18% o seu orzamento global respecto a 2008, superando así os obxectivos establecidos para este exercicio polo Plan Galego das Artes Escénicas– introdúcese como novidade destacada a creación do programa Compañías Residentes encamiñado a dotar dunha maior estabilidade ás estruturas produtivas mediante a súa vinculación a espazos escénicos tanto públicos como privados. Esta mesma categoría inclúe, asemade, as axudas destinadas á nova creación e á actividade escénica bianual ou de produción concreta de espectáculos profesionais de teatro, danza e maxia, e introduce –tamén por vez primeira– criterios de discriminación positiva canto a xénero, valorando o fomento da incorporación da muller ás tarefas de dirección escénica.

No tocante ás subvencións á distribución, ás subcategorías destinadas

As dotacións orzamentarias para as axudas á produción multiplicáronse por tres dende o exercicio 2005

A Axencia dá un importante paso adiante nos seus obxectivos de impulsar o tecido industrial no sector cultural galego

á exhibición exterior de espectáculos escénicos e musicais galegos súmase nesta ocasión un apartado dirixido a fomentar a presenza de empresas galegas dedicadas á produción e distribución de todo tipo de bens ou servizos culturais en feiras e mercados do sector. Igualmente, o programa Crédito Cultura –que botou a andar o ano pasado co obxectivo de facilitar o acceso en condicións vantaxosas das empresas escénicas e musicais ao financiamento bancario da súa actividade profesional– ábrese agora a todos os ámbitos culturais.

A documentación recibida nos prazos establecidos será avaliada por catro

comisións: unha para as modalidades de axudas á actividade escénica no ámbito da danza, o teatro e a maxia, outra para o apartado de nova creación, unha terceira para o de promoción e difusión de traballos discográficos e unha última para as restantes categorías. A resolución será ditada no prazo máximo de nove meses dende a publicación da convocatoria no DOG.

Con esta primeira edición de axudas ás industrias culturais, a AGADIC avanza na liña de apoio ás empresas escénicas e musicais galegas iniciada pola Consellaría de Cultura no ano 2006 –as dotacións orzamentarias para as axudas á produción multiplicáronse por

tres dende o exercicio 2005. Ao tempo, ábrese a todas as disciplinas artísticas unha parte dos programas antes dirixidos en exclusiva a este sector e que agora pasan a dar servizo a outros ámbitos, como os das artes visuais e o libro. A Axencia dá así un importante paso adiante nos seus obxectivos de impulsar o tecido industrial no sector cultural galego, fomentando a demanda de produtos e servizos culturais na nosa sociedade e favorecendo a súa exportación.

MODALIDADES DE AXUDAS E IMPORTES MÁXIMOS ASIGNADOS

A. Subvencións á actividade escénica 1.450.000 euros

- A.1. Subvencións á nova creación
- A.2. Subvencións a compañías residentes
- A.3. Subvencións á actividade escénica no ámbito do teatro
- A.4. Subvencións á actividade escénica no ámbito da danza
- A.5. Subvencións á actividade escénica no ámbito da maxia

B. Programa Crédito-Cultura 40.000 euros

C. Subvencións á promoción e difusión de traballos discográficos 90.000 euros

D. Subvencións á distribución 385.000 euros

- D.1. Subvencións á distribución exterior
- D.2. Subvencións para a asistencia a feiras e outras plataformas de distribución
- D.3. Subvencións á distribución de espectáculos en feira

E. Subvencións a salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada 200.000 euros

F. Subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais 110.000 euros

O SECTOR AUDIOVISUAL RECIBIRÁ AXUDAS POR IMPORTE DE 5.100.000 EUROS

A Consellaría de Cultura outorgará até un máximo de 5.100.000 euros ás distintas modalidades da súa próxima convocatoria de axudas ao sector audiovisual galego, que este ano xestiona por vez primeira a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

As subvencións estruturaránse en seis categorías diferentes dirixidas á creación, produción e desenvolvemento de obras audiovisuais en lingua galega: producións ou coproducións con decido contido artístico e cultural (longametraxes cinematográficas, opera prima, para televisión, documentais e dixitais); produción de curtametraxes e videoclips; desenvolvemento de proxectos (longametraxes de ficción, documentais, películas para televisión, formatos innovadores para televisión e pilotos de series de animación); desenvolvemento e produción de contidos dixitais interactivos; promoción e desenvolvemento do talento audiovisual galego (bolsas para a escrita individual de guións, para a produción de longametraxes ou curtametraxes en soporte dixital, e de curtas experimentais); e amortización dos custos de produción de longametraxes.

A concesión das axudas poderá ser automática para a amortización dos custos de produción de longametraxes

Neste último caso, a concesión das axudas será automática para todos aqueles proxectos que cumpran os requirimentos que se especificarán nas bases. Poderán optar a esta categoría longametraxes cinematográficas (ficción, documental, animación) e telefilmes de interese cultural galego que teñan sido obxecto de estrea comercial ou venda a televisións en aberto, por un importe non inferior a 80.000 euros, dende o 1 de xaneiro de 2008 ata o 30 de outubro de 2009.

NACE FLOCOS.TV, O PORTAL DA INTERNET PARA EXHIBIR AS PRODUCCIÓNS AUDIOVISUAIS GALEGAS

O pasado mes de decembro botou a andar na internet Flocos.tv, o primeiro portal dedicado á exhibición e difusión das producións audiovisuais galegas. Creado e xestionado pola Axencia Audiovisual Galega da Consellaría de Cultura, este novo espazo busca servir igualmente de lugar de encontro entre os creadores, a industria e os espectadores, ao tempo que dá visibilidade a unha gran parte da nosa produción audiovisual, incluíndo aquelas obras difíciles de ver noutros soportes ou pezas históricas recuperadas.

Os fondos desta pantalla do audiovisual galego na internet irán medrando de forma paulatina. Neste momento conta xa con máis de 60 obras, maioritariamente curtametraxes, de diferentes formatos, estilos e épocas, clasificadas como ficción, animación, documental e experimental. O portal acolle, ademais, diferentes ciclos temáticos



como o *Especial anos 70*, *Cinema Bravú*, *EIS 92*, *A lingua animada* ou *Clásicos*.

Todos os filmes emitidos a través de Flocos.tv están dispoñibles en alta calidade, moi superior á ofrecida actualmente por portais como Youtube.com, ademais de ter a posibilidade de incorporar audiovisuais en calidade HD.

Máis info. en: <http://flocos.tv/> e www.axenciaaudiovisualgalega.org



AS TRES REDES DA AGADIC OFRECERÁN MÁIS DE MIL FUNCIÓNS E CONCERTOS DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO

As tres redes de distribución escénica e musical que promove a Axencia Galega das Industrias Culturais acollerán un total de 1.015 funcións e concertos entre os meses de xaneiro e xuño, dos que 466 corresponden á Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV), 394 á Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA) e 155 á Rede Galega de Salas (RGS).

No caso da RGMV, 97 grupos e solistas de todos os estilos musicais actuarán nas 42 salas que integran na actualidade este circuito promovido pola AGADIC xunto coa Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo Clubtura.

Canto á RGTA, un total de 80 espectáculos escénicos (teatro de adultos, danza, música de cámara, maxia e programación infantil) a cargo de 67 compañías dan forma a este primeiro ciclo da programación de 2009, que se desenvolve en 46 espazos xestionados por concellos e entidades privadas de toda Galicia.

Incorporación de The Star

Pola súa banda, a Rede Galega de Salas ofrecerá as últimas propostas de 50 compañías nos sete espazos asociados a este circuito, ao que se suma nesta nova etapa a Sala The Star, no concello coruñés de Carral.

Máis info. en: www.musicaovivo.info e www.culturavai.info



Actuación de Marful en Womex

MÚSICA

A RGMV LEVA A MÚSICA GALEGA A NOVE SALAS DE CATALUÑA

A Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) esténdese este ano a Cataluña grazas ao acordo establecido entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Institut Català de les Indústries Culturais (ICIC) para a programación de música galega en nove salas pertencentes á Associació de Sales de Concerts de Catalunya (ASACC): Monasterio, Sidecar e Apolo 2 de Barcelona, Café del Teatre de Lleida, Lo Submarino de Rasquera, La Mirona de Salt, El Clap de Mataró, Salamandra de L'Hospitalet, El Sielu de Manresa e Factoria d'Arts de Terrasa.

Os responsables dos devanditos espazos ultiman nestes momentos o calendario de

actuacións deste primeiro circuíto RGMV-Catalunya, que se desenvolverá de febreiro a maio e de setembro a novembro deste ano, seleccionando os grupos participantes de entre os máis de 170 inscritos.

Con esta iniciativa, a AGADIC dá un paso máis na promoción exterior da música galega trala positiva experiencia que significou o intercambio entre a Rede Galega de Música ao Vivo e o circuíto portugués OuTonalidades no último trimestre do pasado ano. Ambos programas enmárcanse nunha máis ampla liña de traballo na que se sitúa igualmente o apoio institucional á participación do sector musical galego en feiras internacionais como Womex ou Midem.

ESCENA

UN TOTAL DE 167 PROXECTOS PRESENTÁRONSE AO ARTISTAS EN RESIDENCIA

A AGADIC recibiu un total de 167 solicitudes para o desenvolvemento doutros tantos proxectos dentro do programa Artistas en Residencia. Das propostas rexistradas, 31 delas proceden de Galicia, 62 do resto do Estado e 74 son estranxeiras. De entre todos os proxectos recibidos apoiárase un máximo de 15; e está previsto que a listaxe coa selección dos mesmos se faga pública o 15 de xaneiro de 2009 na web e nos taboleiros de anuncios da AGADIC, do CCG e do CDG.

Artistas en Residencia é unha iniciativa da AGADIC xestionada polo Centro Coreográfico Galego e polo Centro Dramático Galego, que ten como finalidade apoiar a artistas ou colectivos artísticos que desexen desenvolver un proxecto de investigación ou de

creación nos ámbitos do teatro, danza, circo e outras artes do movemento. Tamén se poden beneficiar del artistas que, dende outras disciplinas artísticas, traballen coas devanditas artes escénicas como referencia.

Na convocatoria establécense ademais dous tipos de residencia, a que ten como finalidade a creación ou a residencia-laboratorio, coa que se ofrecen os recursos para desenvolver un traballo de investigación.

Por unidades de produción de destino, para o Centro Coreográfico diríxense 70 proxectos, en tanto que 27 van para o Centro Dramático. Nos dous casos son propostas nas que se identifican claramente as disciplinas aplicadas de danza ou teatro. Hai outro grupo de 70 propostas transversais ou de mestura de linguaxes escénicas, no que se computan tamén as que se desenvolverán no MARCO (Museo de Arte Contemporánea) de Vigo, en virtude do acordo acadado neste sentido co CDG.



Uxía P. Vaello durante a súa residencia no CCG

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO [CCG]

ARTEIXO ACOLLE A ESTREA DE "CONCERTO DESCONCERTO", COPRODUCCIÓN ENTRE DE ENTREMÁNS E O CCG

O vindeiro 23 de xaneiro a compañía Entremáns estrea no Centro Cívico Cultural de Arteixo o seu último espectáculo, *Concerto Desconcerto*. Para a creación desta peza a compañía contou co apoio en réxime de coprodución do CCG.

Nesta proposta artística os intérpretes executan a música a partir do movemento, recreando o espazo sonoro de cada escena. *Concerto Desconcerto* ponlle son ao movemento, ofrecendo ao público a posibilidade de escoitar a danza e descubrir un mundo de sensacións onde a música nace do propio intérprete.

O traballo conta a participación de Mercedes Peón na creación do espazo sonoro, e Antón



Imaxe promocional de *Concerto Desconcerto*

Arias no deseño de iluminación. Alexis Fernández dirixe esta peza, que el mesmo interpreta xunto a Kirenía Martínez, Armando Martén e Caterina Varela.

Entremáns é unha compañía galega que nace en 2005 da man dos cubanos afincados en Galicia Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenía Martínez e Alexis Fernández, baixo a produción de Estefanía Vázquez, aos que en 2007 se sumaría a galega Caterina Varela. É unha agrupación de pequeno formato que non busca definirse nun só rexistro. As súas pezas realízanse cunha dirección artística colectiva, na que prima o discurso persoal e a experiencia de cada un dos intérpretes.

O CCG e A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ORGANIZAN UN WORKSHOP A CARGO DE ANDRÉ BRAGA

Do 19 ao 23 de xaneiro terá lugar na Sala Multiusos da Universidade de Santiago (Pistas de Atletismo, módulo 1. Campus Sur) un *workshop* de danza dirixido a estudantes e profesionais da danza, do circo e das artes do movemento, que correrá a cargo do creador escénico portugués André Braga. A actividade está organizada polo Centro Coreográfico Galego en colaboración coa Universidade compostelá.

André Braga, integrante da compañía portuguesa Circolando, traballará neste taller as memorias do corpo, investigando a exploración, a improvisación e a composición de movemento para sistematizar un posible método de desenvolvemento da creación artística.



Momento dun *workshop* de André Braga

Braga é licenciado en Deporte e Educación Física. Completou a súa formación na Escola de Circo Annie Fratellini e realizou diversos cursos de danza, teatro e circo con Lidia Martínez, Philippe Genty, Joana Providencia, Madalena Victorino, etc. Realizou proxectos de formación nas escolas artísticas de Porto (ESMAE, ACE e Balletteatro) e talleres de creación transdisciplinar con mozos e nenos en distintas institucións. Na actualidade é responsable da dirección artística de Circolando, un proxecto transdisciplinar que propón un teatro danzado, de imaxes, un teatro itinerante cunha forte difusión internacional. Esta compañía acadou o Premio á Mellor produción nacional no Festival Imaginarius Sete Sóis Sete Lúas por *Caixa Insólita* e o Premio Teatro Na Década por *Giroflé*.

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]

O CDG REPÓN EN SANTIAGO “NOITE DE REIS” CON ANABELL GAGO NO ELENCO

O Centro Dramático Galego repón do 8 ao 31 deste mes no Salón Teatro a súa produción *Noite de Reis. Ou o que queirades*, tralo gran éxito de público obtido durante o seu primeiro período de distribución, de setembro de 2007 a xaneiro de 2008. As funcións para todos os públicos comezan o xoves 8, e desenvolveranse, durante catro semanas, os venres e sábados ás 20.30 horas e os domingos ás 18.00 horas. Os mércores e os xoves terán lugar as funcións escolares, que xa teñen as localidades dispoñibles cubertas.

O equipo artístico e técnico que participara na primeira montaxe desta versión da obra de Shakespeare, realizada e dirixida por Quico Cadaval, vólvese reunir ao completo, coa única excepción de Rebeca Montero, que, debido a súa participación na actual produción do CDG *A boa persoa de Sezuán*, está a ser substituída por Anabell Gago no papel de Violeta.

Gago xúntase así á compañía que integran María Bouzas, Xosé



Manuel Oliveira Pico, Marcos Orsi, Susana Dans, Víctor Mosqueira, Xan Cejudo, Marcos Correa, Borja Fernández, Simone Negrin e os músicos Bernardo Martínez, Suso Alonso e Ramón Orenco para poñer en escena, unha vez máis, esta comedia de ambientación mediterránea, que combina un divertido xogo de enredos, contratempos, malentendidos, enganos e desenganos con apaixonantes historias de amor e desamor.

Noite de Reis. Ou o que queirades volta así ao seu espazo escénico de referencia, onde se retoma o grande éxito do teatro galego da pasada temporada. Máis de 17.000 espectadores colleitados dentro e fóra de Galicia e varios galardóns importantes conseguidos –entre eles o Premio María Casares ao Mellor Espectáculo de 2007– avalan este éxito.

COMEZAN OS ENSAIOS DE “AS DUNAS”, SEGUNDA PRODUCCIÓN DA TEMPORADA

A partir do 15 de xaneiro comezan os ensaios da que será a segunda produción da temporada do CDG, *As dunas*, un texto escrito ad hoc por Manuel Lourenzo e que será representado con Quico Cadaval como director de escena. Os talentos creativos de Lourenzo e Cadaval xúntanse nesta nova proposta, á que ambos se refiren como “un cabaré sobre o paraíso perdido”.

No espectáculo, que se representará no Salón Teatro do 6 de marzo ao 12 de abril, participan as actrices e actores Claudia Andrade, Evaristo Calvo, Manolo Cortés, Susana Dans, Cristian Escuredo, “Mos”, Iria Piñeiro, Rodrigo Roel, Davide Salvado e Miguel Sermão. O espazo escénico e iluminación será obra de Baltasar Patiño, Gilda Bonpresa asumirá os figurinos e Armando Martén a coreografía.

Estes serán, ademais, os primeiros ensaios que acollerá a nova nave industrial con que conta a AGADIC no compostelán polígono de Amio. Noutra nave industrial, esta vez vella e en desuso, transcorre parte da trama de *As dunas*, ao ser o lugar onde se concentra unha tropa estafalaria de músicos, danzantes, cantores ensaian os seus números.

A PROGRAMACIÓN DO SALÓN TEATRO CONGREGOU A MÁIS DE 10.000 ESPECTADORES EN 2008

A programación desenvolvida no Salón Teatro durante o ano 2008 chega ao seu fin cun total de 97 funcións levadas a cabo por 30 formacións artísticas, en tanto que o público quedou cibrado en máis de 10.000 espectadores.

A carteleira comezou e rematou con teatro, o gran protagonista canto a número de espectadores e funcións programadas: unhas 3.500 persoas gozaron dos 34 pases que realizaron compañías galegas tan emblemáticas como Matarile, Lagarta Lagarta ou Teatro do Atlántico, que presentaron as súas últimas propostas escénicas dentro da nova planificación de catro días continuados de funcións para proporcionar así unha maior penetración social dos espectáculos.

O Salón Teatro tamén foi o escenario escollido para a estrea de montaxes como *PeriFeria*, a primeira produción de Voadora como compañía escénica; *Bailadela da morte ditosa*, onde Teatro de Ningures recuperaba e reivindicaba o legado de Roberto Vidal Bolaño, e *Game over*, da compañía CaChuzo, na que Carlos Losada dirixiu un texto propio, gañador do II Premio

[continúa na páx. seguinte](#)



A boa persoa de Sezuán



Negro, do CCG con Daniel Abreu



Michael Gira

.....
vén da páx. anterior

Manuel María de Literatura Dramática Infantil.

Pola súa banda, foron tres as producións de fóra de Galicia recaloron no espazo escénico do CDG: *El agresor* da Factoría Escénica Internacional (FEI), *Adosa@dos*, de Uroc Teatro; e *El año de Ricardo* da compañía Atra Bilis.

Como en anos anteriores, no mes de xuño tivo lugar unha nova edición do ciclo AcciónST, e en decembro a *Mostra de Teatro Infantil de Nadal*, ambas citas cun notable éxito de público.

Funcións de danza e música

A programación dedicada á danza ofreceu seis funcións, seguidas por un total de 431 espectadores. Este cartel iniciábase a mediados do mes de

xaneiro coa compañía catalá Mudances que se presentaba por vez primeira en Galicia con *Larandland*. A continuación, a compañía Daniel Abreu, en coprodución co Centro Coreográfico Galego (CCG), exhibiu o espectáculo *Negro*, mentres que a plataforma artística catalá Kònic Thtr. puxo en escena a súa ópera electrónica e interactiva para danza e voz *Nou I_D*.

Con respecto ao apartado de música, o Salón Teatro foi o escenario da Extensión do Festival Sinsal, un dos certames musicais máis arriscados e innovadores de Galicia. Foron 323 espectadores os que acudiron a esta segunda edición que ofreceu en Compostela os concertos de tres influíntes grupos dentro do panorama das músicas contemporáneas: Matt Valentine & Erika Elder, acom-

Houbo 34 representacións a cargo de compañías privadas galegas

pañados dos galegos Igloo; o norteamericano Michael Gira e o italiano (r) –nome artístico de Fabrizio Modonese Palumbo– e a americana Baby Dee xunto aos galegos O Fillo Pausado.

Unha homenaxe ao compositor vigués Enrique X. Macías no cincuenta aniversario do seu nacemento, a cargo da formación portuguesa Sond'Ar-te Electric Ensemble, e o Ciclo Novas Músicas (coas actuacións de Fran Pérez e Manecas Costa, Nordestin@s e Carmen Dor) completaron a programación dedicada á música actual, que congregou en total 629 persoas.

Producción propia

Canto ás temporadas de exhibición das producións propias do CDG, as representacións de

As producións propias do CDG –“Valdemuller”, “Estigma” e “A boa persoa de Sezuán”– congregaron 5.281 espectadores nas 50 funcións desenvolvidas

Valdemuller, *Estigma* e *A boa persoa de Sezuán* congregaron a 5.281 espectadores nas 50 funcións desenvolvidas.

Así, un total de 2.102 rapaces gozaron de *Valdemuller*, a monaxe de monicreques dirixida polo arxentino Pablo Vergne segundo a creación colectiva

realizada a partir da novela de Xosé A. Neira Cruz.

Estigma –resultado do proxecto de dramaturxia residente *DramA3* como exercicio de escritura a tres bandas a cargo dos autores Jacobo Paz, Vanesa Sotelo e Rubén Ruibal, último Premio Nacional de Literatura Dramática e dirección de Dani Salgado– congregou un total de 1.476 espectadores.

A compañía pública pechaba o ano co espectáculo *A boa persoa de Sezuán*, versión en galego da obra de Bertolt Brecht con dirección de Nuno Cardoso, un dos nomes destacados da nova escena portuguesa. Esta fábula amarga sobre a busca da bondade nunha sociedade corrompida polos excesos capitalistas foi vista no Salón Teatro por 1.703 persoas.

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
CCG. Workshop de danza	O Centro Coreográfico Galego organiza este encontro, no que André Braga, responsable da dirección artística da compañía portuguesa Circolando, traballará cos alumnos un posible método de desenvolvemento da creación artística. O curso celebrarse en horario de mañá do 19 ao 22 de xaneiro no campus sur da Universidade de Santiago (sala multiúsos, pistas de atletismo, módulo 1)	Vinte prazas para estudantes e profesionais da danza, do circo e das artes do movemento. Prezo da matrícula: 48 euros. Máis info.: Centro Coreográfico Galego Tel. 981 134 946 www.centrocoreografico.org	Aberto o prazo de inscrición até esgotar as prazas
CCG. Danza Graham, técnica e repertorio	A bailarina e pedagoga Esther Eiras impartirá este encontro, o 7 e 8 de febreiro na sede do Centro Coreográfico Galego na Coruña, traballando fisicamente os fundamentos da Técnica Graham. Os contidos técnicos complementaranse coa aprendizaxe dunha coreografía de Martha Graham e co estudo da composición e estrutura da obra.	Vinte prazas para bailaríns profesionais e estudantes de nivel medio-alto. Prezo da matrícula: 25 euros. Máis info.: Centro Coreográfico Galego Tel. 981 134 946 www.centrocoreografico.org	Aberto o prazo de inscrición até esgotar as prazas

NOVIDADES EDITORIAIS [EDIT]

As gravacións da música galega (1975-2000)

Xaime Estévez Vila

Edita: AGADIC
Editorial TrisTram
ISBN: 978-84-453-4660-0
PVP: 55 €

Partindo da tese de doutoramento defendida no ano 2006, Xaime Estévez estuda as gravacións da música galega no período do último cuarto do século XX, cuantificadas obxectivamente en máis de 9.000 temas. A investigación aporta datos sobre intérpretes, compositores, editoriais, referencias xeográficas, letristas, instrumentos, formas musicais, etc.

Facilítanse 200 páxinas de índices e informes ordeados para a súa consulta, así como un índice gráfico e até 32 táboas analíticas e cadros demostrativos.



Paraíso

Revista da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas

AGADIC / Nº 5 / xaneiro 09
ISSN: 1887-8164
Edición non venal

A revista Paraíso chega de novo aos espazos da RGTA e da RGS, inclúe comentarios especializados, o calendario de programación dos devanditos circuitos e as fichas de todos os espectáculos. A súa portada e reportaxe central adócanse aos grupos da nova escena galega

Paraíso

Revista de la Rede Galega de Teatros e Auditorios y de la Rede Galega de Salas

AGADIC / Nº 5 / xaneiro 09
Edición non venal
(Versión en castelán)

Ao Vivo Música

AGADIC / Nº 3/ xaneiro 09
ISSN: 1888-6191
Edición non venal

Ao Vivo Música, revista de promoción da música galega que se distribúe de xeito gratuíto nos locais da Rede Galega de Música ao Vivo, amosa na súa primeira plana á rapeira Aíd.



REXISTRO DE DATOS
 XANEIRO-SETEMBRO 2008
 [E_SCENA EN CIFRAS]

AGADIC

CDG

Producción con distribución pechada (*)

Valdemuller				
Estigma				

Producións con distribución en curso (**)

CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Almagro	Noite de Reis	3	259,33	1.986,67 €
Santiago	Noite de Reis	5	187,60	1.403,00 €

CCG

Producción con distribución pechada (*)

Kiosco das almas perdidas				
---------------------------	--	--	--	--

SALÓN TEATRO

COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIÓNS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit / Cía. Mudances	<i>Larandland</i>	2	84,5	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	<i>El agresor</i>	2	48,5	195,00 €
Cía. Daniel Abreu + CCG	<i>Negro</i>	2	88,5	477 €
Sinsal	<i>Matt Valentine & Erika Elder... + Igloo</i>	1	91	518,00 €
Sinsal	<i>Michael Gira + (r)</i>	1	87	554,00 €
Voadora	<i>PeriFeria</i>	2	149,5	137,50 €
Sinsal	<i>Baby Dee + O Fillo Pausado</i>	1	145	1.152,00 €
Urúc Teatro	<i>Ados@dós</i>	2	69	441,50 €
CDG	<i>Valdemuller</i>	19	110,63	328,26 €
CDG	<i>Estigma</i>	13	80,62	214,23 €
Sond'Ar-te Electric Ensemble	<i>Homenaxe a Henrique X. Macías</i>	1	55,00	[func. gratutita]
AcciónST	<i>Teatro delle Ariette, Nut Teatro e Teatro D2</i>	2	54,50	283,00 €
AcciónST	<i>Teatro delle Ariette, Roberto Leal & Friends e Iván Marcos</i>	2	61,50	620,50 €
Ciclo Novas Músicas	<i>Fran Pérez e Manecas Costa</i>	1	95,00	684,00 €
"	<i>Nordestin@s</i>	1	110,00	835,00 €
"	<i>Carmen Dor</i>	1	45,00	318,00 €
Teatro de Ningures	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	2	137,50	85,00 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	5	187,60	1.403,00 €
Matarile Teatro	<i>Animales artificiales</i>	4	118,00	578,25 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarará Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIÓNS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	64	6.575	42,50%	27.865,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	15	4.386	68,57%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	56	7.758	35,33%	13.910,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIOÑS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
40 Pasos	6	184	1.021,07 €
A Factoría Teatro	4	101,5	508,88 €
A Internacional	4	201,75	683,75 €
Abada Teatro-Carlos Blanco	10	332,6	1.730,00 €
Albións Teatro	1	97	235,00 €
Arela das Artes	1	178	458,50 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	9	119,33	206,69 €
Artesán Teatro	5	74,6	182,00 €
Bacana	15	97,8	398,50 €
Bengala Producións	4	230,5	353,50 €
Berrobambán Teatro	8	166,38	456,35 €
Búho y Maravillas	1	178	390,00 €
Caramuxo Teatro S.C.	7	122,14	244,50 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	49	122,50 €
Chrystyan Magic	6	195,33	366,80 €
Cía. Daniel Abreu	1	47	80,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea Ballet Jesús Quiroga	1	459	1.849,00 €
Colectivo Danzón	1	89	185,00 €
Compañía Femme Fatale	1	169	1.135,00 €
Cuarta Pared	6	130	732,07 €
Cuarteto Ephimere	1	87	246,00 €
Cuarteto Para a Fin dos Tempos	1	21	73,50 €
Cyrille Sinclair	3	186,67	321,83 €
Dani García	2	94	148,75 €
Decamerón e Cía.	2	46,5	116,50 €
Disque Danza	8	134	342,15 €
Dúo Dürichen-Permuy	1	110	180,00 €
Encena Producións Artísticas S.L.	2	107,5	443,00 €
Ensemble Vigo 430	1	66	198,00 €
Entremáns	4	67,75	282,50 €
Espello Cóncavo	5	149,2	298,20 €
Fulano, Mengano e Citano	13	84,31	222,25 €
Galitoon	12	233,92	523,25 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	41,5	93,75 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	1	86	56,00 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	7	94,29	270,14 €
Ilusionista Pedro Volta	2	69,5	216,75 €
Iria Producciones SL	2	117,5	525,00 €
Javier Muro	6	126,17	244,53 €
La Imagina Machina	10	103,4	273,92 €
Lagarta Lagarta	7	104,57	673,00 €
Lambriaca Teatro	1	143	353,50 €
Luis Boyano	2	97,5	234,00 €
Mago Benxamín	3	177,67	329,67 €
Mago Calí	3	128,67	384,67 €
Mago Norberto	2	222	313,38 €
Mago Pablo	2	237,5	325,65 €
Mago Romarís	1	260	728,00 €
Mago Xacobe Sanz	3	243,67	438,20 €
Malasombra	7	109,71	336,93 €
Marco González Tango Argentino	3	194,67	301,67 €
Migallas Teatro	7	95	190,14 €
Musik-Walk	3	65,67	226,00 €
Nova Galega de Danza	2	460,5	5.786,50 €
Nunca +1	4	71	179,50 €
Nut Teatro	4	79,75	176,63 €
O Mago Teto	4	116,25	296,75 €
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246,00 €
Os Monicreques de Kukas	14	124,57	218,39 €

Os Quinquilláns	5	189	379,80 €
Pisando Ovos	6	41,5	103,67 €
Pistacatro Productora de Soños	10	176,6	782,20 €
Producións Acontrabutaca	8	191,63	522,56 €
Pt Excéntricas	4	135,5	502,00 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	3	113,67	238,33 €
Román García	2	60	195,00 €
Sapristi	5	141,4	233,95 €
Sarabela Teatro	8	193	1.204,69 €
Talia Teatro	31	160,97	403,77 €
Tanxarina Títeres	8	131,25	226,31 €
Teatro de Adro	15	98,87	392,90 €
Teatro de Ningures	19	103,84	367,53 €
Teatro del Andamio	8	101,88	247,25 €
Teatro del Duende	3	173,67	1.382,67 €
Teatro do Atlántico	7	164,86	520,07 €
Teatro do Morcego	19	147,47	632,84 €
Teatro do Noroeste	11	74,73	309,91 €
Teatro Ensalle	5	50,6	169,60 €
Teatro Galileo	17	122,41	471,00 €
Teresa Nieto en Compañía	1	76	340,00 €
The Pinga Teatro	1	163	349,50 €
Títeres Cachirulo	8	162,75	238,14 €
Títeres Trompicallo	10	164,1	324,65 €
Trakatap	1	71	87,00 €
Vocalise	1	157	345,00 €
Volta e Dálle Teatro	7	100,14	321,39 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIOÑS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	34	206,94	1073,26
A Coruña. Teatro Colón Caixa Galicia	6	267	966,71
A Estrada	13	95,23	284,77
Ames	17	91,06	190,65
Arteixo	12	146,67	331,57
As Pontes de García Rodríguez	4	108,25	149,38
Betanzos	6	113,83	332,58
Boiro	8	155,5	243,56
Burela	8	239,5	743,56
Cambados	5	142,4	174,6
Cangas do Morrazo	12	152	496,17
Carballo	18	103,78	233,98
Cedeira	11	126,27	172,68
Cee	8	87,75	205,88
Culleredo	10	46,4	99,75
Ferrol	21	69,95	246,05
Foz	12	110,5	246,46
Lalín	5	66,6	178,8
Lugo	5	195,4	480,8
Mondoñedo	8	60,63	194
Monforte de Lemos	4	76,25	134,5
Muros	9	106	194
Narón	13	210,62	1210,37
Noia	3	91	204
O Barco de Valdeorras	10	125,1	478,1
O Carballiño	4	65,75	173,13
Oleiros	6	150	496,17
Ortigueira	8	61	202,25
Ourense. Teatro Principal	18	127,5	925,06
Ourense. Auditorio Municipal	13	155	213,77
Ponteareas	7	177,57	435,5
Pontevedra	11	346,27	924,59
Redondela	9	225,44	481,33
Ribadavia	5	109,6	290
Ribadeo	9	121,67	284
Sada	14	104,93	167,36

(*) Desglose en anteriores números de e_scena

(**) Para os datos de *Noite de Reis* previos á súa reposición, consultar anteriores números de e_scena

San Sadurnño	8	55,25	113,94
Santiago de Compostela	39	141,18	487,67
Sanxenxo	7	90,86	359,29
Tui	8	242,63	640,44
Vigo. Auditorio Municipal	20	137,5	386,3
Vigo. Caixanova	7	183,14	1236,93
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121
Vilalba	9	57,78	125,33
Viveiro	8	144,88	351,75

TOTAIS RGTA (ATÉ SETEMBRO)	2006	2007	2008
Funcións	415	401	474
Público	72.734	47.255	65.071
Ocupación	42,98%	29,47%	39,24%
Facturado	163.944,40 €	144.445,31 €	212.426,99 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
Sala Nasa (Santiago)	25	36,16	211,28
Sala Santart (Santiago)	4	26,75	71,25
Teatro Arte Livre (Vigo)	25	11,04	327,8
Teatro del Andamio (A Coruña)	30	33,27	122,13
Teatro Ensalle (Vigo)	24	16,67	112,56
Teatro Escena (Santiago)	5	38	90,4

TOTAIS RGS (ATÉ SETEMBRO)	2007	2008
Funcións	108	113
Público	3.391	2.875
Ocupación	33,88%	43,81%
Facturado	17.517,00 €	20.580,00 €

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOSESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO	
A Tuna Rastafari	5	115,2	342,8
Aguardiente Swing Quartet	7	49,43	196,71
Alberto Pérez	8	56,25	213,81
Alegales	7	48,71	100,14
Álvaro Muras	9	26,67	56
Álvaro Vieito Trío	10	34,9	84,9
Ataque Escampe	4	33,25	75
Avelañña	4	28,5	68,25
Balakandra	4	28,75	67,25
Bruno T. Ford	8	34,5	94,88
Bukowski Blues Trío?	12	39	108,92
Capitán Furilo	8	33,38	64,13
Carlos Childe Troupe	6	48	134,17
Carlos López Quartet	4	19,75	91,75
Carmen Dor	3	38	102,33
Cayetano Lledó	1	62	186
Coanhadeira	6	29,33	52
Colectivoooruga	4	26,75	63,5

Cool Beat	3	16,67	82
Cornelius	11	73,18	215,09
Creacións Máxicas	5	76,4	266,8
Cyrille Sinclair	1	34	66
Détour	6	28,83	81,67
Día de Furia	3	83,33	235
Diego Massimini	1	16	24
Dismal	4	75	298,75
Doctor Harapos	1	23	69
Dorian Gray	9	24,33	58,78
Edu Manazas & Whiskey Tren	5	56,2	205,4
El Cubo	6	59,83	180
Elodio y Los Seres Queridos	3	66,33	182
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	6	42,33	125
Fernando Esclusa	9	29,67	64,56
Grasa	8	34,25	78,63
Gustavo Almeida & Brasilian Night	6	38,33	101
Heissel	7	66,43	197,86
Holywater	7	79,43	280,43
Hot3 Sss	4	28,75	101
Igloo	8	65,38	202,38
Ivan & Josito	4	55,5	208,5
Jabón Blue	4	63,5	150,75
Jaso&boo Jazz Performance	5	19,2	40,8
Jato Neiro Jazz Cuarteto	3	18,33	52
Jugoplastika	8	46	136,75
Kiko Pastur (ilusionista)	2	55	165
Kin García Trío	3	39,67	159
Kogito	5	85,4	192,8
Le Punk	6	69	236,83
Little Albert Boogie Band	7	26,29	64,86
Los Casanovas	4	35,25	94,5
Los High Sierras	9	61,11	211,22
Machina	2	42,5	99
Mago Benxamín	1	38	78
Mago Cali	2	26	77,5
Mago Rafa	1	28	84
Mama Boogie	2	31,5	94,5
Miki Nervio & The Bluesmakers	5	64,6	224,2
Mitocondrias	4	34,75	93
Moondogs Blues Party	6	41,83	108,5
Mr. Dixie Jazz Band	7	38	187,71
Niño y Pistola	6	54,67	150,83
O Leo I Arremecághona!	6	49,17	97,5
O Mago Teto	2	49	165
O Sonoro Maxín	5	71,8	240,6
Pacífico	9	61	169,89
Pepa e Davide & Madame Cell	5	56,6	159,4
Por Placer	8	47,63	95,13
Renato Spencer & Café Caxaça	2	18	54
Rockers Go To Hell	4	56,25	171,75
Román García	3	33	103,67
Samuel Leví	2	14	33
Sax Machine	9	27,22	63,89
Stereotipos	5	38,6	116
Sumrrá	3	46,33	190,67
Sweet Oblivion Band	6	57	123,33
Swingpool	6	49,33	112,83
Tangata	5	35,6	105
Tango Bar	6	47	124,83

The Blows	11	117,91	415,18
The Turre´s Band	3	55	123
Ton Risco /jacob de Miguel Dúo	4	32,5	125
Tonhito de Poi e Rasaloba	4	72,75	183,38
Transilvanians	6	98,17	326,67
Ú-lo Trío?	5	33,2	108
Vetusta Morla	6	151,67	526,17
Vozes da Rádio	6	50,17	179,67
We Are Balboa	5	40,6	128,2
Zenzar	5	51,6	144

SALAS

SALA	CONCERTOSESPECT/CONCERTO		FACT/CONCERTO
A Fragua (Redondela)	13	27,23	51
Ache (Marín)	9	65,22	279,5
Aturuxo (Bueu)	18	82,67	291,5
Auriense Café Cultural (Ourense)	10	41,4	80,6
Babel (Lugo)	6	63,5	237
Badulake (Ordes)	8	33,5	88,5
Bar Liceum (O Porriño)	9	63,22	207,33
Baranda (O Barco de Valdeorras)	14	52	156
Borriquita de Belém (Santiago)	7	45,86	102,57
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	11	46,18	133,18
Catro Camiños (A Rúa)	5	44	88
Clandestino (Nigrán)	9	34,56	133,33
Clavicémbalo (Lugo)	19	32,42	83
Contrabajo (Vigo)	13	26,54	89,15
Disco-Sala Ogmios (Cariño)	1	44	132
El Ensanche (Vigo)	10	36,5	113,1
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	4	74	177,5
Forum Celticum (Culleredo)	6	78	180
Garufa (A Coruña)	7	46,57	126,86
Jazz Filloa (A Coruña)	7	34,57	172,86
Jazz Vides (A Coruña)	14	42,86	174,86
La Casa de Arriba (Vigo)	15	31,33	90,33
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	24	75,13	227,58
La Galeríajazz (Vigo)	8	18,5	92,5
La Iguana Club (Vigo)	8	102,63	383,75
Manteca Jazz (Vigo)	4	60,25	292,5
Marrucho (Baiona)	11	55,64	131,73
Micos (Cariño)	9	26	52
Náutico (O Grove)	6	56,17	163
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	6	44,67	112
Planeta (Sarria)	8	62,13	267,88
Pub O Muíño (Cervo)	9	39,33	92,22
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	15	52,8	144,3
Pub Gatos (Melide)	18	30,28	85,56
Pub Leblón (Pontecaldelas)	10	30,5	46,1
Sala Run Rum (Ferrol)	13	60,46	207
Sala 600 (Melide)	10	107,3	183,9
Sala Clan (Xinzo de Limia)	9	70,22	209
Sala Karma (Pontevedra)	8	57	249,13
Sala Mogay (Chantada)	10	57,7	173,1
Salason (Cangas de Morrazo)	7	58,71	185,14
Salón Parroquial (Ponteareas)	11	62,45	93,18
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	9		56,67
146,67			
Verbum Jazz (Vigo)	9	32,78	83,44
Woodstock (Sanxenxo)	12	34,58	103,75
Zona Zero (Caldas de Reis)	11	37	111

TOTAIS REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO (ATÉ SETEMBRO)	2007	2008
Concertos	550	460
Público	26.454	23.127
Ocupación	25,91%	37,31%
Facturado	65.268,00 €	69.065,00 €